

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ADMINISTRATIVA DESIGNADA PARA O CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DO IMELGA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lugar: Sala D do Complexo Administrativo de San Caetano.

Data: 7 de marzo de 2022

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 13:00 h

ASISTENTES

Presidenta: Dona Natalia Lobato Mosquera – vicesecretaria xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Dona Marta Viñas Hyllass-Bernoud - asesora xurídica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Don Juan José González Acevedo - interventor delegado da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

Abre a sesión a presidenta da comisión administrativa e, tras comprobar a relación de asistentes e a existencia do quórum necesario, de conformidade co disposto no apartado 5.1 do prego de bases que rexe o concurso, declara validamente constituída a Comisión Administrativa.

Faise constar que na reunión do xurado designado para este concurso na que este emitiu o seu fallo; propuxo ao gañador do concurso e aos demais premiados e elevou o fallo ao órgano de contratación para a súa aprobación e resolución do concurso de ideas.

Toma a palabra a presidenta do xurado, Dona Beatriz Cuiña Barja, que asiste a reunión da comisión administrativa en base ao disposto na base 5.1 do prego de bases e procede a ler a proposta realizada polo xurado de gañador e demais premiados:

	Lemas
Gañador do concurso e primeiro premio	TREES333
Segundo premio	WOOD101
Terceiro premio	IE4CBC17
Primer accésit	AMEBA008



	Lemas
Segundo accésit	LQCLM123
Terceiro accésit	PEDRA083

A continuación e de conformidade co disposto na base 7.4 do prego de bases que rexe este concurso, a presidenta do xurado solicita á comisión administrativa que proceda á apertura do sobre A do gañador e dos demais premiados aos efectos de dar a coñecer a súa identidade:

	Lemas	Identidade
Gañador do concurso e primeiro premio	TREES333	Alfonso Carlos Penela Fernández
Segundo premio	WOOD101	Equipo composto por Díaz y Díaz arquitectos, S.L.P, Rubén Aldaba Vizcay e Luis Orbaiceta de Navascués
Terceiro premio	IE4CBC17	Ignacio Senra Fernández-Miranda
Primeiro accésit	AMEBA008	Equipo composto por Besada y Failde BMJ arquitectos e Víctor González Magdalena
Segundo accésit	LQCLM123	Arrokabe arquitectos, S.L.P.
Terceiro accésit	PEDRA083	Creus e Carrasco arquitectos, S.L.P.

A presidenta do xurado recorda que, tal e como esixe o apartado 7.4 do prego de bases que rexe o concurso, a Vicepresidencia Primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicará posteriormente a este acto público, para xeral coñecemento, a lista dos premiados no perfil do contratante e na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, sen prexuízo da correspondente notificación a todos os participantes no concurso de ideas.

Non obstante, fai constar, así mesmo, que a concesión efectiva dos premios quedará condicionada á comprobación de que a documentación administrativa requirida neste prego de bases sexa correcta e demostre a capacidade de contratar, ausencia de prohibición de contratar coa Administración e demais requisitos do concursante sinalados no prego.

A tal efecto, a presidenta do xurado como órgano de contratación, require á comisión administrativa que se reúna co fin de revisar a documentación dos gañadores.

Se o órgano de contratación observara defectos ou omisións emendables na documentación administrativa presentada por algunha das propostas premiadas, comunicaraos aos interesados para que no prazo de tres días hábiles poidan emendalo.





O órgano de contratación poderá deixar sen efecto a concesión dalgún premio ou asignalo ao seguinte da lista de entre os propostos polo Xurado se algún dos propostos como gañadores dun premio non acadara a solvencia e capacidade para contratar, segundo o apartado 7.2.2 das bases.

Sen máis asuntos que tratar, esténdese a presente acta que asinan tódolos membros da comisión administrativa, levantándose a sesión ás trece horas.

Marta Viñas Hyllass-Bernoud

Juan José González Acevedo

Natalia Lobato Mosquera

